

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025025	CEIP San Francisco Javier	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	5º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

Esta programación está deseñada para un Colexio Público de Educación Infantil e Primaria (CEIP) situado no casco urbano da cidade coruñesa.

A devandita proposta didáctica preséntase para o curso escolar 2022/2023 para a área de Proxecto Competencial de 5º de Educación Primaria, á que lle corresponde unha carga horaria de 1 sesión semanal.

Tal e como establece o Decreto de currículo da etapa: "a área de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade". Procuramos que o alumnado desenvolva coñecementos, destrezas e actitudes que lle permitan facer un uso seguro e fiable das fontes de información e lograr unha educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global.

Para conseguilo, traballaremos cos seguintes bloques de contidos ao longo do curso:

1. Definición de proxectos.
2. Execución de proxectos.
3. Presentación de proxectos

Partiremos dos intereses do alumnado e da súa realidade próxima, tendo en conta a súa idade (10-11 anos) e atendendo sempre á diversidade que presentan os diferentes grupos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quentando motores...	Unidade na que definiremos a temática do proxecto.	33	10	X		
2	Mans á obra!	Unidade na que elaboraremos os produtos.	34	15		X	
3	Damos a coñecer os nosos produtos.	Presentación do produto final.	33	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quentando motores...	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Selecciona recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica, selecciona e analiza a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporaliza as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prevé as incidencias que se poden producir e anticipa posibles solucións a estas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Mans á obra!	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos e mobiliza as competencias requiridas.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve incidencias.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Damos a coñecer os nosos produtos.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o proxecto e, de ser o caso, os produtos finais.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Exprésase con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e unha presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega algún recurso na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levaranse a cabo diferentes proxectos, uns repercutirán a nivel de aula e centro e outros na contorna, pois participaremos no programa do Concello da Coruña denominado "O Proxecto Semente: Unha empresa na miña escola".

Esta iniciativa proporciona un contexto práctico no que traballar de forma transversal lingua, matemáticas, ciencias ou plástica. Ademais achega o mundo da empresa á educación primaria, favorecendo o desenvolvemento de competencias, coñecementos e hábitos vinculados á cultura emprendedora e a valores como: creatividade, comunicación, traballo e toma de decisións en grupo, resolución de conflitos...

Para isto, ao longo do curso, o alumnado constitúe unha Cooperativa Escolar, elabora produtos, solicita o permiso de venda ás autoridades municipais e a final de curso se realiza un Mercado.

A nivel de centro procuraremos mellorar o nivel de ruído nos cambios de clase e a limpeza, elaborando un escrito que transmita as nosas inquietanzas ao Equipo Directivo e solicitando o seu permiso para accións coma a colocación de carteis nos corredores.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos sempre dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores, o seu desenvolvemento cognitivo e emocional e os seus centros de interese, os cales fomentarán a curiosidade e motivación por aprender. Procuramos así que alumnado poida acadar unha aprendizaxe significativa que perdure no tempo.

- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando o alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

- A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

- Os proxectos serán realizados en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

En resumo: a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos espaciais

- Recursos persoais: profesorado do centro e persoal encargado nas actividades complementarias.
- Recursos materiais: material funxible, material bibliográfico variado, recursos dixitais, ordenadores, tabletas dixitais, materiais para elaborar os produtos (las, cadeas, abelorios...).
- Recursos espaciais: aulas dos grupos, biblioteca do centro, patio de recreo e espazos da contorna onde se desenvolvan as actividades complementarias.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso. O obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado co obxectivo de personalizar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Esta avaliación levarase a cabo mediante os seguintes procedementos:

- Revisión dos informes do curso anterior, onde está reflexada a información sobre os resultados académicos obtidos nas materias e, de ser o caso, os plans de reforzo.
- Recollida de información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto á súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades variadas como xogos interactivos, xogos por equipos, preguntas orais, chuva de ideas...

Estas actividades valoraranse a través de estratexias como a observación e o rexistro das mesmas.

A partir desta avaliación poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase e trataremos de identificar se existen dificultades a nivel grupal ou en determinados alumnos para poñer en marcha as medidas de atención á diversidade necesarias.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	34	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación: as táboas de indicadores, que serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación. Nelas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza...

Tal e como se indicou no apartado desta programación referido ás Unidades Didácticas (apartado 3), os criterios de cualificación son os seguintes:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: bloque 1, cada criterio de avaliación terá un peso dun 20% na nota trimestral.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: bloque 2, cada criterio de avaliación terá un peso dun 20% na nota trimestral.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: bloque 3, cada criterio de avaliación terá un peso dun 20% na nota trimestral.

A cualificación da avaliación final da materia será continua e global, tendo en conta o traballo realizado polo alumnado ao longo do curso.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un/ha alumno/a non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados cos proxectos desenvolvidos.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias e por outro as extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as primeiras.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades multinivel, que se adapten ás diferentes capacidades que se presentan na aula.
- Repartir as tarefas comúns a realizar no grupo atendendo aos talentos de cada alumno/a.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares.
- Establecer colaboracións con outras institucións e/ou participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**



	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, competencia dixital, fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.2 - Igualdade entre mulleres e homes, educación para a paz, educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.3 - Orientación educativa, acción titorial e educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregárase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.	X	X	X
ET.6 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións, saídas á contorna próxima, creación dos postos no Mercado do Proxecto Semente...			
Charlas formativas	Profesionais de distintos ámbitos laborais ou outras institucións, como por exemplo o Proxecto Semente.			
Obradoiros	Igualdade e xestión de emocións, educación financeira...			
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día Escolar da non Violencia e da Paz...			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Actividades adecuadas.
Estilo didáctico.
Rol do docente.
Temporalización.
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade.
Motivación do alumnado.
Procedementos de avaliación.

### Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica ou cada trimestre. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta nos permite comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflexadas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado e, en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos.

## **9. Outros apartados**